



Procedemento: Convocatoria 2026 de subvencións á creación escénica.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 23 de decembro de 2025, o Diario Oficial de Galicia, nº 247, publicou a Resolución do 8 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións á creación escénica e se convocan para o ano 2026 (Código de procedemento CT403B).

2 O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases.

Para a composición da Comisión de Valoración terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. Os membros da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes. Así mesmo, absteranse se concorren algunha das circunstancias descritas do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 16 terá a seguinte composición:

Para a avaliación dos criterios técnicos, dúas persoas do cadro de persoal da Agadic:

María Paredes Rodríguez

Marcelina Calvo Domínguez

Para a avaliación dos criterios artísticos, tres profesionais externos vinculados ao ámbito das artes escénicas.

-Presidenta:

María del Carmen Armesto Fanego





-Vogais:

María José Vázquez Bermúdez

Francisco Sieira González

-Secretario:

En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, que fará as funcións de secretario da comisión:

José Javier López Crende

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

